

REGULAMENTO PARA A CONCESIÓN DE HONRAS E DISTINCIÓNS DO MOI NOBLE CONCELLO DE ORTIGUEIRA

EXPOSICIÓNS DE MOTIVOS

No exercicio das competencias e potestade regulamentaria prevista no artigo 4.º da Lei 7/1985, reguladora das Bases do Réxime Local, o Pleno do Concello de Ortigueira, o día 28 de outubro de 1999 aprobou o vixente regulamento para a concesión de Honras e Distincións o cal foi publicado no Boletín Oficial da Provincia núm. 27, de 3 de febreiro de 2000, e dende entón ven disciplinando a materia de xeito eficaz, publico e transparente. Non obstante, ao longo deste tempo constatouse que non recolle todas necesidades actuais en varios aspectos, polo que procede a redacción dun novo documento que contemple todas e cada unha de ditas necesidades.

A principal novidade é a regulación do cronista oficial do Concello. Este cargo predominantemente honorífico, desempeñado no pasado por ilustres ortigueireses, atopase vacante na actualidade, sendo necesario contar cunha canle reguladora da súa designación e funcións, no caso de que o Concello estimase oportuno proceder ao seu nomeamento.

O mesmo sucede co proceso para o nomeamento de rúas, prazas, xardíns, instalacións e edificios de titularidade municipal, especialmente en aquelas ocasións que pudesen constituír actos de recoñecemento honorífico dos valores ou servizos dunha determinada persoa, colectivo ou grupo e a colocación doutras placas conmemorativas ou monumentos públicos, que ata a actualidade vense resolvendo a través do correspondente expediente e aprobación do concello pleno, pero sen que exista norma algunha ao respecto, polo que se estima que se debe proceder a súa regulamentación.

Mantense todos e cada un dos títulos e honras recollidos no regulamento do ano 2000, e créanse novas figuras para casos especiais que se determinan no presente documento.

CAPÍTULO I. DISPOSICIÓN XERAIS

Artigo 1.–Obxecto do regulamento e ámbito de aplicación.

1.–O presente regulamento, ditado ao amparo do establecido na Lei 7/1985, reguladora das Bases de Réxime Local, ten por obxecto determinar as distincións honoríficas que concede o Concello de Ortigueira, así como o procedemento para a súa concesión.

2.–As mencións, felicitacións, homenaxe e demais actos de recoñecemento a favor de persoas ou institucións expresados por autoridades u órganos municipais e non previstos neste regulamento, someteranse as normas específicas ou xerais do procedemento, pero non terán o carácter de distinción honorífica do Concello, xa que dito carácter soamente será aplicable ás reguladas no presente regulamento.

Artigo 2.–Clasificación de honras e distincións.

1.–Os títulos, honras e distincións que con carácter oficial poderá conceder o Concello son os seguintes:

- a) Título de fillo/a predilecto/a
- b) Título de fillo/a adoptivo/a
- c) Nomeamento de membro honorario

- d) Medalla de ouro
- e) Cronista oficial do Concello
- f) Nomeamento de praza, rúa, ou calquera establecemento, instalación ou servizo dependente do Concello, e colocación de placas monumentos e elementos análogos
- g) Outras distincións

Artigo 3.–Carácter das honras e das distincións.

1.–Todos os títulos, honras e distincións a que fai referencia este regulamento teñen carácter exclusivamente honorífico, sen que, por conseguinte, outorguen ningún dereito administrativo nin de carácter económico

Artigo 4.–Das formalidades para a concesión das distincións.

1.–Correspóndelle á Alcaldía ou Concellería de Cultura a presentación das propostas de outorgamento das diferentes honras e distincións, xa sexa por propia iniciativa ou previa petición de:

- a) Un tercio dos membros da Corporación
- b) Tres asociacións do Concello ou entidades cidadás representativas, debendo cada unha delas contar cun mínimo de 25 socios.

2.–A Alcaldía decidirá sobre o arquivo ou tramitación da solicitude, e soamente se notificará aos solicitantes, o acordo definitivo de concesión cando sexa favorable, pero en ningún caso terán a consideración de parte no expediente a ningún outro efecto.

3.–Ben sexa por iniciativa propia ou porque acordase a tramitación da solicitude correspondente, a Alcaldía redactará unha proposición, na que fará constar os méritos do candidato que a someterá a dictame da comisión informativa correspondente e posterior aprobación do Concello Pleno, agás para as distincións a que se refire os puntos f) y g) do artigo 2, que se estará o establecido especificamente nos capítulos VI e VII

4.–A concesión das honras e distincións previstas no presente regulamento, a personalidades estranxeiras que non posúan a cidadanía dalgún dos Estados membros da Unión Europea requirirá á obtención da autorización expresa do Ministerio para as Administracións Públicas, previo informe do de Asuntos Exteriores.

6.–O acordo da concesión notificarase pola Alcaldía ao nomeado ou familiar/es máis achegado/s, a xuízo desta.

5.–A concesión de honras e distincións reguladas no presente regulamento unicamente poderán ser revogadas se os interesados realizasen con posterioridade a seu outorgamento actos ou manifestacións que lles fagan indignos da súa titularidade ou de menosprezo aos méritos que no seu día foron causa do seu outorgamento. O trámite será análogo ao establecido para a concesión.

CAPITULO II. DOS TÍTULOS DE FILLO/A PREDILECTO/A E DE FILLO/A ADOPTIVO/A DO MOI NOBRE CONCELLO DE ORTIGUEIRA

Artigo 5

1.–O título de fillo/a predilecto/a do moi nobre Concello de Ortigueira poderá recaer naqueles que nados en Ortigueira polas súas destacadas calidades persoais, méritos sinalados e

singularmente por haber prestado servizos extraordinarios relevantes para os intereses xerais do municipio os fagan merecentes do agradecemento e da gratitude dos veciños.

2.–O nomeamento de fillo/a adoptivo/a poderá conferirse a favor de persoas que, sen ser naturais de Ortigueira, reúnan os méritos e circunstancias enumeradas anteriormente.

3.–Tanto o título de fillo/a predilecto/a e de fillo/a adoptivo/a poderán ser concedidos como póstumo homenaxe ao falecemento de personalidades nas que concorran os merecementos citados.

Artigo 6.–

A concesión de título de fillo/a predilecto/a e de fillo/a adoptivo/a será acordada, a proposta da Alcaldía-Presidencia ou da Concellería de Cultura, polo Concello Pleno co voto favorable da maioría absoluta dos membros da Corporación.

Artigo 7.–

Aprobada a concesión, o título entregarase en presenza da Corporación, convocada ao efecto para a celebración do acto solemne, que se levará a cabo no lugar que se estime idóneo os efectos de permitir a asistencia dos cidadáns.

Artigo 8.

O expresado título estenderase nun pergamiño no que constará o título, o nome e os apelidos do designado, as razóns en que se basea a súa concesión e a data de recoñecemento pola Corporación, e será asinado polo alcalde-presidente

Artigo 9.

Os títulos de fillo/a predilecto/a e de fillo/a adoptivo/a de Ortigueira, dará dereito a aqueles que os ostenten, a ocupar o lugar preferente que sinale o protocolo nos actos organizados polo Concello aos que sexan invitados.

CAPITULO III.DO NOMEAMENTO DE MEMBRO HONORARIO DO CONCELLO DE ORTIGUEIRA

Artigo 10.–

Poderá outorgarse o nomeamento de membro honorario do Concello de Ortigueira a persoas españolas ou estranxeiras, xa coma mostra da alta consideración que merecen por evidentes méritos e calidades persoais, xa como correspondencia a distincións análogas de que foran obxecto a Corporación ou autoridades municipais de Ortigueira

Artigo 11.–

Sen prexuízo do establecido no art. 4.5, o nomeamento de membro honorífico poderá facerse con carácter vitalicio, ou por prazo limitado ou circunscrito ao período que corresponda ao cargo que ocupe o designado, cando a designación fose acordada expresamente a atención a devandito cargo.

Artigo 12.

A concesión deste nomeamento será acordada, a proposta da Alcaldía-Presidencia ou da Concellería de Cultura, polo Concello Pleno, co voto favorable da maioría absoluta dos membros da Corporación.

Artigo 13.–

As persoas ás cales se concedan estes nomeamentos non terán ningunha facultade para intervir no goberno nin administración municipal, se ben poderán prestar servizos de xeito altruísta e desinteresado ao Concello, e especialmente asesorar á Alcaldía Presidencia naqueles asuntos que lles sexan consultados e postos de manifesto, e asemade o alcalde poderá encomendarlles funcións representativas a exercer fora do termo municipal.

Artigo 14.–

O nomeamento de Membro Honorario do Concello de Ortigueira será acreditado a medio da expedición da correspondente certificación pola Secretaria da Corporación, co visto e praxe do Sr. alcalde-presidente, na que constará o acordo plenario de dito recoñecemento, procedéndose a súa entrega polo Sr. alcalde-presidente nun acto solemne para o que será convocada a Corporación municipal e que terá lugar no salón de plenos ou local habilitado ao efecto.

CAPÍTULO IV. DA MEDALLA DE OURO

Artigo 15.–

A Medalla de Ouro do Concello de Ortigueira é unha condecoración creada para premiar a aquelas persoas, entidades, corporacións, institucións ou colectivos, tanto nacionais como estranxeiros que polo seus propios méritos acadasen un prestixio social excepcional no eido no que desenvolven as súas actividades e que polo especial vencello co Concello de Ortigueira contribúan a mellorar a súa imaxe, divulgar o seu coñecemento e favorecer de modo notable os intereses públicos municipais.

Artigo 16.–

A concesión desta condecoración será acordada, a proposta da Alcaldía-Presidencia ou da Concellería de Cultura, polo Concello Pleno, co voto favorable da maioría absoluta dos membros da Corporación.

Artigo 17.–

A Medalla de Ouro levará no anverso o escudo oficial do Concello de Ortigueira e no reverso o título, nome e apelidos do premiado e data de concesión da distinción.

Artigo 18.–

O Sr. alcalde-presidente procederá a entrega da condecoración da Medalla de Ouro, nun acto solemne para o que será convocada a Corporación municipal e que terá lugar do salón de sesións do Concello ou local habilitado ao efecto.

CAPITULO V. DO CRONISTA OFICIAL DO CONCELLO DE ORTIGUEIRA

Artigo 19.–

O procedemento para o nomeamento de Cronista Oficial iniciarase por decisión da Alcaldía.

Artigo 20.

O nomeamento de Cronista Oficial do Concello de Ortigueira recaerá sobre persoas físicas con recoñecido prestixio no seu labor de estudo, investigación e difusión dos temas relacionados co Municipio

Artigo 21.–

Tramitarase o correspondente expediente ao que se incorporará memoria específica dos méritos que concorran nos candidatos propostos, xunto con recensións biográficas e bibliográficas e irá encamiñado a acreditar e valorar os méritos dos mesmos en canto a súa obra ou actividade relativa ao Concello de Ortigueira

Artigo 22.–

O nomeamento de Cronista Oficial do Concello de Ortigueira, acordarase polo Concello Pleno, a proposta da Alcaldía na que deberá constar os méritos do candidato proposto, previo dictame da Comisión Informativa correspondente e requirirá o “quórum” de maioría absoluta

Artigo 23.

1.-O título de Cronista Oficial ten carácter vitalicio, sen prexuízo de que poida cesar por decisión propia ou, en caso de incumprimento das súas obrigas, por acordo do Concello, todo elo sen prexuízo no establecido no artigo 4.5 deste regulamento

2.–Así mesmo, dito título ten carácter puramente honorífico, polo que non ten aparelado o dereito de percibir retribución económica algunha, sen prexuízo de que o Concello, cando o considere necesario, o poida resarcir dos gastos xerados polo exercicio do seu cargo, especialmente nos encargos realizados pola Entidade Local.

Artigo 24.–

O nomeamento de Cronista Oficial será notificado pola Alcaldía ao candidato, que deberá aceptar expresamente nun prazo máximo de quince días. De dita aceptación levantarase acta que asinara o alcalde, o candidato e o/a secretario/a do Concello

Artigo 25.–

Coa aceptación do nomeamento, o Cronista Oficial, comprométese a:

- 1.–Emitir a súa opinión e evacuar consultas sobre aqueles temas relacionados coa historia do Concello ou aqueles outros temas que se relacionen ca súa función. En todo caso a petición da opinión ou consulta deberá ser efectuada pola Alcaldía.
- 2.–A redactar unha memoria anual que se denominará “Crónica de Ortigueira” na que se recollan os principais acontecementos sociais, culturais ou políticos relacionados co Municipio, e que deberá entregar unicamente ao Concello.

Artigo 26.–

O Cronista Oficial terá os seguintes dereitos:

- 1.–A que se lle expida unha certificación pola Secretaría do Concello e co visto e prace do Sr. alcalde, do seu nomeamento .
- 2.–A asistir aos actos públicos que teñan interese para as súas funcións e que sexan organizados polo Concello, así como as sesións de órganos e comisións ás que sexa convocado ou que realicen sesións públicas.
- 3.–A obter axuda e colaboración dos distintos departamentos municipais, dentro dos principios de economía e eficiencia.
- 4.–A acceder aos fondos do arquivo e da biblioteca e hemeroteca municipais para a súa consulta e estudo, responsabilizándose do seu uso. En todo caso, o acceso aos datos obrantes en expedientes e rexistros administrativos efectuarase nos termos que dispoña a lexislación vixente na materia

CAPITULO VI. Do nomeamento de prazas, rúas, ou calquera establecemento, instalación ou servizo dependente do Concello, e colocación de placas monumentos e elementos análogos

Artigo 27.–

–Para determinar o nome de prazas, rúas, xardíns, edificios, instalacións servizos, etc de titularidade municipal deberá incoarse o correspondente expediente, no que se explicará sucintamente os motivos que xustifican a elección do nome, e no caso de que constitúan un homenaxe as persoas, institucións, símbolos o feitos singularizados engadirase unha memoria acreditativa dos méritos que as fagan merecedoras da distinción.

Artigo 28.

1.–O nomeamento a que se refire o artigo anterior e a colocación da correspondente placa ou rótulo deberá ser acordada polo Concello Pleno, previo dictame da Comisión Informativa correspondente.

2.–A acordo deberá adoptarse co quórum de maioría absoluta no caso de que dito nomeamento constituía tamén unha homenaxe a persoas, institucións, símbolos ou feitos singularizados, e será comunicado pola Alcaldía aos homenaxeados. Nos demais casos, abondará coa maioría simple

Artigo 29.–

Para a colocación de placas conmemorativas, monumentos e elementos análogos terase en conta:

1.–Cando o elemento estea previsto ou sexa a consecuencia dun proxecto aprobado polos órganos municipais, non esixirá resolución algunha.

2.–Cando se acorde de maneira singular colocar unha placa conmemorativa ou erixir un monumento con carácter de homenaxe ou distinción a unha determinada persoa ou entidade ou en conmemoración de feitos ou lugares, a resolución corresponderá á Alcaldía.

3.–Cando a colocación se faga en terreos privados a iniciativa particular, deberá contar coas licencias esixidas na normativa urbanística e de protección do patrimonio e o seu obxecto e contido deberán ser lícitos, estando prohibida expresamente a exaltación indebida ou a denigración de persoas, os símbolos e textos antidemocráticos, racistas, sexistas, sectarios ou calquera outros que poidan resultar ofensivos para principios ou valores protexidos polo ordenamento constitucional.

4.–Colocación en lugares e/ou edificios públicos a iniciativas de terceiros. Deberán cumprir todos e cada un dos requisitos establecidos nos apartados anteriores, sendo a cargo dos promotores a totalidade dos custes que se xeren, sen prexuízo das axudas ou colaboración municipal que discrecionalmente se acorde.

5.–Nos supostos comprendidos no apartado 4 deste artigo, o acto de descubrimento deberá ser comunicado á Alcaldía que determinará a participación institucional e o protocolo do acto no que deberá darse participación aos promotores.

6.–No caso de que por iniciativa particular se proceda a colocación de placas conmemorativas, monumentos ou elementos análogos en lugares e/ou edificios públicos sen a previa tramitación do expediente e autorización expresa do Concello, este poderá proceder súa inmediata retirada, sen que se teña que realizar tramitación algunha previa a mesma.

7.–O descubrimento de rótulos de rúas, placas conmemorativas, monumentos e outros elementos análogos, cando constituían unha homenaxe a persoas ou entidades determinadas, realizarase en acto público ao que serán invitados especialmente ditas persoas ou entidades. Nos demais supostos, a Alcaldía determinará a forma na que se procederá a súa inauguración.

CAPITULO VII. OUTRAS DISTINCIÓNS E HONRAS

Artigo 30.–Declaración de loito oficial.

1.–O Concello Pleno poderá declarar loito oficial no termo municipal durante os días que estime oportuno, nos supostos de falecemento de persoas relevantes para a localidade ou de sinistros dos que se deriven consecuencias graves para o Concello, así como por outros feitos a gravidade

dos cales xustifique a citada declaración. Devandita declaración será aprobada por maioría simple.

2.–Nos casos de urxencia, a declaración de loito oficial poderá efectuarse por resolución de Alcaldía, da que se dará conta ao Pleno do Concello na primeira sesión que teña lugar.

3.–A declaración de loito oficial comportará que as bandeiras ondearán a media hasta na Casa do Concello, e no seu caso, nos demais edificios de titularidade municipal.

4.–No caso de falecemento de calquera persoa condecorada con algunha das distincións do presente regulamento, de calquera membro da Corporación que estea no exercicio do cargo e aquelas persoas que fosen elixidos alcaldes, agás da renuncia expresa, terá dereito a que o velorio do cadáver se instale no salón de sesións da Casa do Concello.

5.–A Alcaldía, mediante resolución expresa e motivada, poderá dispoñer que o velorio doutras persoas ou autoridades, se instale no salón de sesións da Casa do Concello, sempre con consentimento expreso da familia.

Artigo 31.–Hospede distinguido.

A Alcaldía poderá conceder por decreto o título de hospede distinguido/a do Concello a aquelas personalidades que visiten o municipio e que dalgún xeito se estime de interese facelo, entregándolle o correspondente diploma acreditativo

Artigo 32.–Recoñecemento aos alcaldes.

1.–O recoñecemento aos servizos prestados polos alcaldes da democracia dende o 3 de abril de 1979, levarase a cabo, sen prexuízo de concesión doutras distincións contempladas no presente regulamento, a través do encargo, a un artista de recoñecido prestixio, dun retrato de cada un de eles, aos que se iran incorporando os sucesivos mandatarios no momento da súa toma de posesión, agás a renuncia expresa e persoal dos mesmos

2.–Devanditos retratos estarán expostos nun lugar relevante da Casa do Concello.

Artigo 33.–Medalla dos membros da Corporación.

Todos os membros da Corporación, por unha soa vez e con motivo da súa toma de posesión, recibirán en propiedade a medalla co escudo municipal, que deberán lucir nos actos públicos a que asistan na súa condición de concelleiros

Artigo 34.–Distincións protocolarias.

Por motivos de cortesía ou reciprocidade o alcalde, sen necesidade de incoar expediente administrativo ningún, poderá facer entrega de placas conmemorativas, escudos, insignias ou outros obxectos simbólicos, que non impliquen ningunha prerrogativa ou dignidade, a autoridades públicas, personalidades, institucións, colaboradores, etc

CAPITULO VIII. DO LIBRO DE REXISTRO DE DISTINCIÓNS HONORÍFICAS

Artigo 35.–

Crease o Libro de Rexistro de Distincións Honoríficas, que estará a cargo da Secretaria do Concello, no que se consignarán as circunstancias persoais de todos e cada un dos favorecidos con algunha das distincións a que se refire o presente regulamento, así coma as concedidas con anterioridade ao mesmo, a relación detallada e completa dos méritos que deron motivo a súa concesión, a súa data, e no seu caso, a do falecemento de quen recibise esa honra. O devandito rexistro poderá ser xestionado e mantido a través de soporte informático

Disposición transitoria.

Cantas personalidades e entidades corporativas que a entrada en vigor deste regulamento estean en posesión das distincións e honras que se regulan no mesmo, continuarán no gozo das mesmas con todos os dereitos, honras e prerrogativas recoñecidas polos regulamentos respectivos ou por anteriores acordos municipais adoptados en relación a ditas distincións.

Disposición derogatoria.

Queda derogado o regulamento para a concesión de honras e distincións do Concello de Ortigueira, aprobado polo Concello Pleno o día 28 de outubro de 1999, publicado no BOP núm. 27, de 3 de febreiro de 2000.

Disposición derradeira

O presente regulamento que consta de 35 artigos, unha disposición transitoria, unha disposición derogatoria e unha disposición derradeira, entrará en vigor unha aprobado definitivamente polo Concello, e publicado o seu texto integramente no Boletín Oficial da Provincial, transcorrido o prazo previsto no artigo 65.2 da Lei 7/1985, do de abril, de acordo co establecido no artigo 49 do mesmo texto legal